

Este proxecto técnico foi aprobado no Pleno do Consello Galego de  
Estatística do día 21 de decembro de 2012

# 21-201 Estatística de familias numerosas

## PROXECTO TÉCNICO

### 1. Normativa e organización

A estatística de familias numerosas recolle todas as características básicas das familias numerosas galegas. Con carácter anual, explotaranse os datos relativos ás solicitudes de recoñecemento ou renovación do título que acredita a condición de familia numerosa.

A normativa pola que se rexe os títulos de familia numerosa é a seguinte:

- a) Lei 25/1971, do 19 de xuño, de protección á familia numerosa. Unicamente en vigor os artigos que recollen os beneficios aplicables a quen acredite a condición de familia numerosa (BOE n.º 150, do 24 de xuño de 1971).
- b) Decreto 3140/1971, do 23 de decembro, regulamento da Lei de protección á familia numerosa. Unicamente en vigor os artigos que recollen os beneficios aplicables a quen acredite a condición de familia numerosa (BOE n.º 310, do 28 de decembro de 1971).
- c) Resolución do 31 de maio de 1984 da Dirección Xeral de Rexistros e Notariado, pola que se regula a expedición do duplicado do Libro de Familia en supostos de divorcio e separación (BOE do 15 de setembro de 1984).
- d) Lei 21/1986, do 23 de decembro, de orzamentos do Estado para 1987, que na súa disposición adicional décimo terceira modifica o artigo 2 da Lei 25/1971.
- e) Real decreto 356/1991, do 15 de marzo, polo que se derroga o artigo 21 do Decreto 3140/1971, en canto á súa aplicación ao sistema da Seguridade Social.
- f) Lei 42/1994, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social. Disposición adicional cuarta.
- g) Real decreto 1801/1995, do 3 de novembro, polo que se desenvolve a disposición adicional cuarta da Lei 42/1994, do 30 de novembro, de medidas fiscais, administrativas de orde social (BOE n.º 264, do 4 de novembro de 1995).
- h) Lei 8/1998, do 14 de abril, de ampliación do concepto de familia numerosa (BOE n.º 90, do 15 de abril).
- i) Real decreto 6/1999, do 8 de xaneiro, polo que, en cumprimento da Lei 8/1998, de 14 de abril, se modifica o Real decreto 1801/1995, do 3 de novembro, de ampliación do concepto de familia numerosa (BOE n.º 30, do 4 de febreiro de 1999).
- j) Lei 47/1999, do 16 de decembro, pola que se modifica o artigo 5 da Lei 25/1971.
- k) Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia (DOG n.º 45, do 6 de marzo de 2000).
- l) Lei 3/2002, do 29 de abril, de medidas de réxime fiscal e administrativas.
- m) Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección das familias numerosas (BOE n.º 277, do 19 de novembro. Suplemento en lingua galega n.º 14, do 24 de novembro de 2003).

Modificada pola Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social (BOE n.º 313, do 31 de decembro de 2003), e pola Lei 40/2007, de 4 de decembro, de medidas en materia de Seguridade Social (BOE n.º. 291, do 5 de decembro de 2007).

- n) Lei 52/2003, do 10 de decembro, de disposicións específicas en materia de seguridade social (BOE n.º 296, do 11 de decembro de 2003).
- o) Real decreto 2066/2008, do 12 de decembro, polo que se regula o Plan de vivenda e rehabilitación 2009-2012.
- p) Real decreto 1621/2005, do 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas (BOE n.º 15, do 18 de xaneiro de 2006).
- q) Decreto 402/2009, do 22 de outubro, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no Real decreto 2006/2008, do 12 de decembro, para o período 2009-2012 (DOG nº 217 do 5 de novembro de 2009).
- r) Lei 40/2007, de 4 de decembro, de medidas en materia de Seguridade Social (BOE n.º. 291, do 5 de decembro de 2007).
- s) Lei 2/2008, de 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009
- t) Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia en Galicia (DOG nº 134 do 13 de xullo de 2011).

Os beneficios pola obtención do título de familia numerosa son de carácter económico con descontos en establecementos comerciais, fiscais (deducións por IRPF), adquisición de primeira vivenda, transporte (20% ou 50% para a categoría xeral ou especial respectivamente), educación, centros de atencións a primeira infancia, xuventude, ocio, etc.

O órgano responsable da elaboración da estatística é a Secretaría Xeral de Política Social da Consellería de Traballo e Benestar.

Os Servizos centrais e as xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra son os responsables da recollida da información pero a explotación dos datos corre a cargo do Servizo de Familia e Programas Especiais.

## **Unidades estatísticas**

A unidade principal para a elaboración da estatística son os títulos de familia numerosa, que se clasificarán segundo determinadas variables, como se exporá a continuación. Teremos pois, os títulos de familia numerosa expedidos nun ano, que serán novos ou renovacións, e os títulos de familia numerosa en vigor a unha determinada data.

Para o recoñecemento da condición de familia numerosa, a unidade familiar deberá ter 3 ou máis fillos, sexan ou non comúns que poderán ser dous nos seguintes casos:

- a) Que un deles sexa discapacitado ou incapacitado para o traballo
- b) Que os dous proxenitores teñan a condición de minusválidos ou estean incapacitados para o traballo ou un deles teña unha discapacidade superior ao 65%
- c) O pai ou a nai con 2 fillos cando faleceu o outro proxenitor
- d) Dous ou máis irmáns orfos, sometidos a tutela, acollemento ou garda que convivan co titor pero non ás súas expensas.

Tamén terán a condición de familia numerosa as formadas por:

- a) Tres ou máis irmáns orfos de pai e nai ou dous, se un deles é discapacitado.

Os fillos deberán cumprir as seguintes condicións

- a) Ser solteiros
- b) Convivir co pai/nai
- c) Dependere economicamente dos pais. Considerarase que existe dependencia económica cando os seus ingresos non superen o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) en cómputo anual.
- d) Ser menor de 21 anos, excepto se é minusválido. A idade amplíase ata os 25 anos se cursan estudos axeitados á súa idade e titulación ou encamiñados á obtención dun posto de traballo.

Todos os membros da unidade familiar deberán ser españois ou nacionais dun Estado membro da Unión Europea ou dos restantes estados parte no Acordo sobre Espazo Económico Europeo e ter a súa residencia en territorio español ou exercer unha actividade por conta propia ou allea en España, aínda que resida nalgún dos países aludidos anteriormente.

No caso dos naturais doutros estados, observarase o establecido na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, modificada pola Lei orgánica 8/2000, do 22 de decembro, a Lei orgánica 11/2003, do 29 de setembro, e a Lei orgánica 14/2003, do 20 de novembro.

## **Variables**

De cada título de familia numerosa defínense as seguintes variables, empregando a información recollida no formulario do anexo I deste proxecto.

### Categoría

- a) Categoría especial: as de cinco ou máis fillos e as de catro nos seguintes casos: se proceden 3 de parto/adopción/acollemento múltiple ou ingresos anuais reducidos.
- b) Categoría xeral para o resto das unidades familiares, a partir de tres fillos.

Cada fillo discapacitado ou incapacitado para traballar computarase por dous.

Esta variable a cumprimenta a consellería non o solicitante

### Tipoloxía dos fillos

Se son minusválidos ou non e por categorías.

### Idade dos fillos

De cada fillo recóllese a data de nacemento e a idade, os títulos agrúpanse segundo o número de fillos de menos de 10 anos e entre 10 e 25 anos.

### Idade dos cónxuxes.

Polo xeral, cada familia numerosa terá un titular que será o proxenitor que conste como solicitante e o seu cónxuxe. A partir da data de nacemento de cada un obtense a súa idade.

A partir das idades dos cónxuxes os títulos de familia numerosa clasifícanse en: polo menos un dos proxenitores é menor de 20 anos, polo menos un ten entre 21 e 30 anos, polo menos un ten entre 31 e 45 anos e cando menos un ten máis de 45 anos.

Unha familia que teña un cónxuxe nunha categoría (menor de 20 anos) e outro noutra categoría (entre 21 e 30 anos) aparecerá contada dúas veces.

### Situación laboral do titular

Por provincias recóllese 6 categorías laborais diferentes:

- a) Activo
- b) Desempregado
- c) Non actividade laboral
- d) Xubilado
- e) Incapacidade laboral (1)
- f) Minusvalía (2)

(1) Persoas que teñan reducida a súa capacidade de traballo nun grado equivalente ó da incapacidade permanente absoluta ou gran invalidez.

(2) Persoas afectadas por unha diminución da súa capacidade física ou psíquica superior ó 33%

### Sector económico:

Os sectores de cada título defínense segundo a profesión recollida do solicitante e son: agricultura e pesca, industria, construción, servizos, non actividade laboral e non constan.

### Estado civil do titular

Se agrupa nas seguintes categorías:

- a) Casado
- b) Divorciado
- c) Separado
- d) Solteiro

e) Viúvo.

## Procesamento dos datos

As solicitudes xunto á documentación requirida chegan á Administración, ben ás xefaturas territoriais, ben ao servizo central, por dúas vías, é dicir, de xeito presencial ou por correo. Cada solicitude dá lugar a un expediente administrativo.

O título de familia numerosa solícitase cubrindo un impreso onde se recollen as principais variables que definirán ás familias numerosas (anexo I) que irá asinado polo/a solicitante e terá que ir acompañado de:

- Libro de familia
- Fotocopia do DNI, NIE ou do permiso de residencia e/ou traballo do/a titular

No caso de viuvez: certificado de defunción ou fotocopia do libro de familia onde conste o falecemento.

No caso de separación: fotocopia da sentenza. Se solicita o título de familia numerosa o/a proxenitor/a que non convive cos/coas fillos/as, deberá achegar a resolución xudicial na que se declare a obriga de prestarlles alimentos, así como un documento asinado polo/a outro/a proxenitor/a acreditativo do seu consentimento.

No caso de discapacidade ou incapacidade para o traballo dalgún membro: certificación expedida polo equipo técnico de valoración de minusvalías da Secretaría Xeral de Política Social ou Equipo de Valoración de Incapacidades (EVI) do Instituto Nacional de Seguridade Social.

No caso de adopción ou tutela: resolución xudicial.

No caso de acollemento familiar permanente ou preadoptivo: resolución da delegación provincial da Secretaría Xeral de Política Social.

No caso de cambio de categoría por carencia de ingresos ou de ter que acreditar a dependencia económica dos/as fillos/as: copia da última declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas de cada persoa da unidade familiar obrigada a declarar ou - certificación da Axencia Estatal da Administración Tributaria onde consten os seus ingresos.

Para a renovación por cambio do número de membros da unidade familiar, precísase

- Impreso cuberto e asinado polo/a solicitante
- Título de familia numerosa
- Libro de familia

Para renovación por estudos dos/as fillos/as de máis de 21 anos:

- Impreso cuberto e asinado polo/a solicitante
- Título de familia numerosa
- Fotocopia da matrícula do curso actual e da carta de pagamento ou, no seu defecto, certificado do centro onde figure o nome do alumno/a, materia que estudia, curso

académico, homologación dos estudos, se é o caso, e que ten aboadas as taxas correspondentes ou está exento/a delas. Polo tanto non terán validez as solicitudes de matrícula e preinscricións.

Para renovación por minusvalidez suxeita a revisión dos/as fillos/as maiores de 21 anos:

- Impreso cuberto e asinado polo/a solicitante
- Título de familia numerosa
- Certificación acreditativa da dita minusvalidez
- Copia da última declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas ou certificación da Axencia Estatal de Administración Tributaria onde consten os seus ingresos ou certificación da Seguridade social onde conste o importe da pensión que perciben

O título expídese no mesmo momento se a documentación está completa e requírese a que falta, se non está completa.

Os datos introdúcense no SXPA (Sistema de Xestión de Procedementos Administrativos), programa dependente da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Procedemento BS 423A) e o título de familia numerosa emítese automaticamente unha vez asinado e selado.

Aos beneficiarios entre 0 e 21 anos cadúcalles o título cada 2 anos. A partir dos 21, o título renóvase, a petición de parte, anualmente ata os 25 anos en que o programa produce a baixa instantánea.

O título caduca por límite de tempo na renovación do título, salvo variación previa das circunstancias da unidade familiar.

Os datos estatísticos elabóranse tomando como base os datos das solicitudes. A actualización desta base de datos é continua tanto as baixas como as altas

## **Deseño da explotación dos datos do rexistro**

A Subdirección Xeral de Familia e Menores elabora dous tipos de datos estatísticos:

Para o Ministerio de Emprego e Seguridade Social, con datos sempre dentro do establecido na Lei 40/2003 de protección de Familias numerosas. Estes datos envíanse ao Ministerio con carácter trimestral e é este quen fai a explotación dos rexistros.

Os datos publícanse con carácter anual na Estatística de familias numerosas: ISSN 1139-4420 e só os de carácter xeral na memoria da consellería competente na materia.

Cada tabla con datos estadísticos e variables aparece desglosada por provincias e acompañada dun gráfico. De acordo co sinalado con anterioridade, os datos rexistrados son os seguintes:

Títulos de familia numerosa expedidos por categorías (especial-xeral)

Títulos de familia numerosa expedidos segundo o número de fillos de cada tipoloxía dos fillos

Títulos de familia numerosa expedidos segundo o sector económico do titular

Títulos de familia numerosa expedidos segundo a idade dos fillos

Títulos de familia numerosa expedidos segundo a idade dos cónxuxes

Títulos de familia numerosa expedidos segundo a situación laboral do titular

Títulos de familia numerosa expedidos segundo o estado civil do titular

Títulos de familia numerosa en vigor



## **Anexos**

### **Anexo I**

Formulario de solicitud do título de familia numerosa

PROCEDEMENTO <b>SOLICITUDE DE TÍTULO DE FAMILIA NUMEROSA</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>BS423A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE NOVA</b> <input type="checkbox"/> <b>RENOVACIÓN</b> <input type="checkbox"/>
---	---	---

**DATOS DO/A SOLICITANTE**

APELIDOS	NOME	DNI	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
ENDEREZO	PROVINCIA	MUNICIPIO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TÉLEFONO	DATA DE NACEMENTO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ESTADO CIVIL	PROFESIÓN		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
SITUACIÓN LABORAL			
<input type="checkbox"/> ACTIVO <input type="checkbox"/> NON ACTIVIDADE LABORAL <input type="checkbox"/> DESEMPREGADO <input type="checkbox"/> XUBILADO <input type="checkbox"/> INCAPACIDADE (1) <input type="checkbox"/> MINUSVALÍA(2)			

**DATOS DO/A CÓNXUXE**

APELIDOS	NOME	DNI
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
DATA DE NACEMENTO	ESTADO CIVIL	PROFESIÓN
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
SITUACIÓN LABORAL		
<input type="checkbox"/> ACTIVO <input type="checkbox"/> NON ACTIVIDADE LABORAL <input type="checkbox"/> DESEMPREGADO <input type="checkbox"/> XUBILADO <input type="checkbox"/> INCAPACIDADE (1) <input type="checkbox"/> MINUSVALÍA(2)		

**DATOS DOS/AS FILLOS/AS**

FILLOS CON DEREITO A BENEFICIO RELACIONADOS DE MAIOR A MENOR IDADE		DATA DE NACEMENTO	IDADE	INGRESOS ANUAIS	INCAPACIDADE *	MINUSVALÍA *
Nome	Apelidos					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	0,00 €	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	0,00 €	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	0,00 €	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	0,00 €	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	0,00 €	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	0,00 €	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	0,00 €	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	0,00 €	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	0,00 €	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	0,00 €	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	0,00 €	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**DECLARA:** Que no día da data, a situación expresada coincide ca que consta no libro de familia e que os fillos computables, ós efectos desta petición viven no domicilio legal, conservan o estado de soltería non teñen outros ingresos que os consignados

- (1) Persoas que teñan reducida a súa capacidade de traballo nun grado equivalente ó da incapacidade permanente absoluta ou gran invalidez.  
 (2) Persoas afectadas por unha diminución da súa capacidade física ou psíquica superior ó 33 %.

\* Cando se dé o caso, indicar cun X

**SOLICITA:**

A expedición do Título de Familia Numerosa, de conformidade co lo previsto na Lei estatal 40/2003.

En \_\_\_\_\_, a 16 de Novembro de 2012

(sinatura do/a interesado/a)

Fdo.: \_\_\_\_\_

**CONSENTIMENTO:**

D./Dña. \_\_\_\_\_ DNI \_\_\_\_\_

, como proxenitor co que conviven os fillos concebidos no matrimonio con D/Dña. \_\_\_\_\_  
consinto, ós efectos do disposto no artigo 2.2.c da Lei estatal 40/2003, en que sexa este último quien figure como titular do título de familia numerosa.

Este consentimento ten carácter definitivo salvo que se produza calquer variación no número dos meus fillos que me dé dereito á obtención dun novo título.

En \_\_\_\_\_, a 16 de Novembro de 2012

(sinatura do/a interesado/a)

Fdo.: \_\_\_\_\_

**A CUBRIR POLA ADMINISTRACIÓN:**

Examinado o expediente e atopándose conforme, expídese o título correspondente, de categoría \_\_\_\_\_

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 200\_\_\_\_\_

(asínesa por quen proceda)

(A SECRETARÍA XERAL)

(O/A DELEGADO/A)

**DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR**

- |   |   |
|---|---|
| <input type="checkbox"/> IMPRESO CUBERTO E ASINADO POLO/A SOLICITANTE.  | <input type="checkbox"/> NO CASO DE MINUSVALÍA OU INCAPACIDADE, DOCUMENTO ACREDITATIVO.   |
| <input type="checkbox"/> FOTOCOPIA LIBRO DE FAMILIA.  | <input type="checkbox"/> NO CASO DE VIUEZ, SEPARACIÓN OU DEFUNCIÓN, DOCUMENTO XUSTIFICATIVO.  |
| <input type="checkbox"/> FOTOCOPIA DO DNI DO SOLICITANTE, NIE, PERMISO DE RESIDENCIA (SÓ NOS CASOS DE EXPEDICIÓN POR PRIMEIRA VEZ E NO CASO DE NON AUTORIZAR A CONSULTA). | <input type="checkbox"/> NO CASO DE EXPEDICIÓN BASADA EN CRITERIOS ECONÓMICOS: COPIA DA ÚLTIMA DECLARACIÓN DO IRPF OU CERTIFICADO DA AEAT ONDE CONSTEN OS INGRESOS. |
| <input type="checkbox"/> PARA OS FILLOS DE 21 AÑOS ATA 25 INCLUSIVE XUSTIFICANTE DE ESTUDOS.  | <i>TODAS AS FOTOCOPIAS DEBERÁN ACHEGARSE XUNTO COS ORIXINAIS PARA COTEXAR</i>   |

*Autorizo á consellería de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, de 23 de outubro e a orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio de la Presidencia.*

SI  NON

*En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude incorporaranse a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido á Consellería de Traballo e Benestar como responsable do ficheiro.*

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei estatal 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas (BOE 19/11/2003)

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

Lugar y fecha

, de de 200

**(A cubrir pola Administración)**

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SALIDA